



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Febreiro 2018


Santiago de Compostela, 06 de abril de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Febreiro 2018

- O índice de producción industrial de Galicia rexistrou en febreiro de 2018 un avance do 14,7% con respecto a febreiro de 2017, mentres que a nivel nacional o crecemento foi do 3,1%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, todos eles rexistraron repercusións positivas: os bens de consumo (0,8 puntos), os bens de equipo (2,4 puntos), os bens intermedios (6,7 puntos) e a enerxía (4,9 puntos).
- Por ramas de actividade as maiores achegas positivas corresponden á “producción de enerxía eléctrica” que achega 5,5 puntos, a “metalurxia” que suma 2,7 puntos, a “fabricación de produtos metálicos” que achega 1,7 puntos e a “industria da alimentación” que suma 1,1 puntos.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas negativas destaca a “fabricación de mobles” que resta 0,2 puntos.

Índice de producción industrial (IPI). Febreiro 2018



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de febreiro de 2018 en Galicia acadou unha taxa interanual do 14,7%, mellorando en 9,7 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (5,0%). En España rexistrouse un crecemento do 3,1%, empeorando en 0,3 puntos a taxa acadada no mes anterior (3,4%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 3,3%, o que achega 0,8 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un avance do 10,2%, o que suma 2,4 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** cae un 25,0% cunha repercusión positiva de 6,7 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que sube un 18,1% e achega 4,9 puntos á taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de xaneiro de 2018, por destino económico, os bens de consumo minoran en 3,1 puntos, os bens de equipo melloran 10,1 puntos, os bens intermedios melloran 8.9 puntos e a enerxía sube 19,6 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas que presentan as maiores achegas positivas á taxa interanual de febreiro foron: a “produción de enerxía eléctrica” que achega 5,5 puntos, a “metalurxia” que suma 2,7 puntos, a “fabricación de produtos metálicos” que achega 1,7 puntos e a “industria da alimentación” que suma 1,1 puntos.

No que respecta ás repercusións negativas destaca a “fabricación de mobles” que resta 0,2 puntos.

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o 14,7% de Galicia e o -2,7% da Comunidad de Madrid. Ademais de Galicia, presentan crecementos interanuais superiores á media estatal: Cantabria (13,3%), Murcia (9,0%), Extremadura (8,1%), La Rioja (7,1%), Andalucía (5,0%), Asturias (4,1%), País Vasco (4,0%) e Cataluña (3,9%).

IPI febreiro 2018 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Febreiro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	109,8	14,7	9,7	--	--
Bens de consumo	100,4	3,3	4,8	0,8	1,1
Bens de equipo	94,5	10,2	4,9	2,4	1,1
Bens intermedios	128,3	25,0	20,5	6,7	5,3
Enerxía	115,3	18,1	7,5	4,9	2,1
España					
Xeral	104,4	3,1	3,2	--	--
Bens de consumo	98,1	0,1	2,4	0,0	0,6
Bens de equipo	110,7	2,1	4,9	0,5	1,1
Bens intermedios	108,5	4,8	6,0	1,5	1,8
Enerxía	99,7	5,3	-1,4	1,1	-0,3

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Febreiro 2018

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	14,7		9,7		
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	25,6	5,5	8,1	1,7	22,3
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	52,4	2,7	36,9	1,9	5,1
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	23,5	1,7	16,0	1,1	7,7
Industria da alimentación	8,7	1,1	8,3	1,1	13,2
Fabricación doutro material de transporte	77,0	1,0	60,7	0,8	2,0
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	7,5	0,9	-4,6	-0,5	13,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	19,4	0,8	19,1	0,8	3,6
Fabricación de material e equipamento eléctrico	44,3	0,7	24,2	0,4	1,4
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	21,2	0,6	15,8	0,5	2,6
Outras industrias extractivas	65,1	0,4	70,0	0,4	1,1
Industria do papel	8,8	0,2	7,2	0,2	2,2
Industria química	8,9	0,2	10,0	0,2	1,5
Outras industrias manufactureiras	43,9	0,2	54,3	0,2	0,5
Fabricación de bebidas	4,8	0,2	10,7	0,3	3,5
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	3,1	0,1	6,0	0,2	2,5
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-1,5	0,0	21,7	0,6	2,0
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-1,3	0,0	3,4	0,1	4,1
Confección de roupa de vestir	-2,1	-0,1	-1,9	-0,1	4,1
Industria téxtil	-18,4	-0,1	0,7	0,0	0,6
Fabricación de mobles	-15,0	-0,2	-12,2	-0,2	1,1
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Febreiro 2018

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	104,4	3,1	3,2
Galicia	109,8	14,7	9,7
Andalucía	98,1	5,0	3,1
Aragón	107,7	0,2	2,1
Asturias	103,5	4,1	5,4
Balears (Illes)	92,0	-1,2	-3,5
Canarias	89,6	0,4	-1,3
Cantabria	116,6	13,3	14,5
Castilla - La Mancha	95,2	-1,9	1,7
Castilla y León	99,7	0,8	-2,2
Cataluña	108,7	3,9	5,7
Comunitat Valenciana	102,9	1,3	0,8
Extremadura	100,5	8,1	6,0
Madrid	104,4	-2,7	-1,1
Murcia	103,3	9,0	5,3
Navarra	106,8	1,1	0,9
País Vasco	106,3	4,0	5,1
Rioja (La)	96,9	7,1	2,7

Fonte: INE